



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 96 · Martes, 28 abril 2020

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Bases reguladoras do Programa BenOurense ComerciOu, de subvencións de emerxencia social polo COVID-19.....	2
Extracto das bases reguladoras do Programa BenOurense ComerciOu de subvencións de emerxencia social polo COVID-19.....	8

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Bases reguladoras del Programa BenOurense ComerciOu, de subvenciones de emergencia social por el COVID-19.....	5
Extracto de las bases reguladoras del Programa BenOurense ComerciOu de subvenciones de emergencia social por el COVID-19.....	9



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Anuncio

Na Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense, na sesión ordinaria do día 23 de abril de 2020, adoptouse o seguinte acordo:

Aprobar as bases reguladoras do Programa BenOurense ComerciOu, de subvencións de emerxencia social polo COVID-19, co seguinte contido:

Primeira.- Obxecto do Programa BenOurense ComerciOu de subvencións de emerxencia social polo COVID-19

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión, pola Deputación Provincial de Ourense, de subvencións a persoas físicas que estean en situación de vulnerabilidade social ou económica sobrevida ou acentuada como consecuencia da pandemia do COVID-19 e precisen atender as súas necesidades máis básicas e inmediatas.

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia non competitiva, previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 8 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP nº 260, do 12 de novembro de 2015),

A concesión das subvencións ás que se refire esta convocatoria realizarase de forma continua, ata esgotar o orzamento previsto, segundo a orde de recepción das solicitudes e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Segunda.- Beneficiarios do programa

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

A) Ter cumpridos os 18 anos de idade no momento de presentar a súa solicitude.

B) Ter dificultade para atender economicamente as súas necesidades básicas. Entenderase que se atopan nesta situación aquelas persoas que durante o mes anterior ao da solicitude non tiveron ingresos suficientes para atender as necesidades para as que agora precisan esta axuda, ou aquelas persoas que están nesta situación como consecuencia do estado de alarma declarado polo Goberno da Nación ante a crise sanitaria pola pandemia do COVID-19.

A concorrencia desta situación económica de emerxencia será apreciada polos servizos sociais municipais dependentes do concello ou mancomunidade competente no municipio de residencia do solicitante. Nos casos nos que, de xeito motivado se estime necesario, a Administración provincial poderá pedir os informes aclaratorios e complementarios onde se acredite esta cualificación.

C) Que ningunha persoa integrante da unidade de convivencia da que forma parte a persoa solicitante tramitase outra axuda ao abeiro desta convocatoria.

D) Figurar empadroadada nalgún municipio de menos de 20.000 habitantes da provincia de Ourense na data da solicitude da subvención, cunha antigüidade no empadramento na provincia de Ourense de, polo menos, os 6 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

Non obstante o anterior, non se esixirá o requisito de empadramento ás persoas vítimas de violencia de xénero.

2. Para os efectos da acreditación dos requisitos recollidos nos apartados B) e C) anteriores, os servizos sociais municipais, dependentes do concello ou mancomunidade correspondente ao municipio do solicitante, deberán emitir un informe de

emerxencia social no que quede xustificada a concorrencia das seguintes circunstancias:

a) Que ningunha persoa integrante da unidade de convivencia da que forma parte a persoa solicitante tramitara outra axuda ao abeiro desta convocatoria.

b) Que a persoa solicitante está nalgunha das situacións de emerxencia seguintes:

b.1) Pertence a algún colectivo de vulnerabilidade estrutural.

b.2) Pertence a un colectivo de vulnerabilidade conxuntural por causa do COVID -19.

b.3) Pertence a un colectivo de vulnerabilidade conxuntural por outras causas (situación de perda transitoria de emprego, situacións de forza maior.)

Terceira. Disponibilidade orzamentaria.

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 23111 48002 ata un máximo de 450.000,00€ (catrocentos cincuenta mil euros).

Cuarta.- Contía da subvención

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes será de 100 euros mensuais durante un tempo máximo de 3 meses, cun total de 300 euros.

Quinta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación.

1. As solicitudes deberanse presentar a través dos servizos sociais dos concellos ou mancomunidades correspondentes ao municipio de empadramento da persoa solicitante.

Para estes efectos, as persoas interesadas deberán comparecer nas oficinas dos servizos sociais municipais ou mancomunados do seu municipio de residencia, onde formularán a súa solicitude, autorizando aos empregados públicos municipais para a súa presentación e tramitación telemática ante a Deputación Provincial.

Sen prexuízo do anterior, os servizos sociais municipais ou mancomunados poderán, se o consideran oportuno, habilitar canles de comunicación cos interesados (mediante teléfono, correo electrónico ou visita aos seus domicilios ou calquera outro que se estime viable) alternativas ao seu desprazamento ás oficinas municipais para que os interesados poidan comunicar a súa vontade de solicitar a subvención e facultar os empregados públicos dos servizos sociais para a súa tramitación no seu nome. En todo caso, os servizos municipais aseguraranse, polos medios que estimen suficientes, da identidade do solicitante, da súa situación e da súa vontade de solicitar a subvención.

A presentación realizarase polos empregados dos servizos sociais municipais ou mancomunados de forma telemática ante o rexistro electrónico xeral da Deputación de Ourense. O emprego de medios electrónicos para a presentación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao abeiro do establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ao estar plenamente garantido o acceso e disponibilidad dos medios tecnolóxicos precisos por parte dos empregados municipais, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se presente por outros medios, sendo obrigatoria a formulación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

2. O prazo de presentación de solicitudes iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación destas bases xunto co seu extracto no Boletín Oficial da Provincia e ata o 30 de novembro de 2020.

3. Para a presentación da solicitude terá que utilizarse o formulario normalizado que se porá a disposición dos servizos sociais municipais por parte da Deputación de Ourense, no que se incluíra unha declaración responsable de non incorrer nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A esta solicitude uniráselle o informe social emitido polos servizos sociais municipais ao que se refire a base 2ª, apartado 2.

Unha vez presentada a solicitude, os servizos sociais municipais remitirán por calquera medio copia aos solicitantes da dita solicitude.

4. Conforme ao disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, a Deputación comprobará de oficio, a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas, os datos de identidade e residencia dos solicitantes, agás que estes se opoñan expresamente nas súas solicitudes. Neste último caso, os solicitantes deberán achegar a seguinte documentación adicional:

a) Copia do seu DNI ou documento identificativo.

b) Copia(s) do(s) certificado(s) de empadramento do/a solicitante onde quede constancia do seu empadramento nalgún municipio da provincia de Ourense nos últimos seis meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, só no caso de non autorizar á Deputación a realizar a consulta.

En todo caso, se por razóns técnicas e/ou informáticas non puiderse ser posible a comprobación de oficio dalgún dos requisitos da persoa solicitante, a Deputación poderá solicitarlle que achegue a documentación probatoria, que será dixitalizada para ser incorporada ao expediente electrónico da solicitude.

5. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, as persoas interesadas e os empregados dos servizos sociais municipais ou mancomunados poderán dirixirse á Área de Benestar da Deputación Provincial que lles prestará a asistencia precisa, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14:00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

Sexta.- Xestión das solicitudes e concesión de subvencións.

A Área de Benestar da Deputación de Ourense xestionará as solicitudes presentadas, concedéndose as subvencións conforme ao previsto nestas bases.

A xestión electrónica das solicitudes realizarase, como máximo, cada semana e referirase a todas as solicitudes presentadas entre as 00.01h do venres anterior ao da valoración ata as 23:59 horas do xoves previo ao venres de valoración, salvo a daquelas solicitudes nas que por algunha causa fose imposible comprobar os requisitos de forma automática e fose preciso requirirle á persoa solicitante a presentación dalgunha documentación complementaria. O sistema determinará a cualificación como “conforme con axuda” ou “excluída”, en atención a que se cumpran ou non os requisitos de acceso esixibles conforme a estas bases. Logo da comprobación conforme das características de acceso incluíranse na resolución semanal posterior á comprobación.

As solicitudes que sexan conformes integrarán unha lista ordenada, na que se incluírán todas as que foron obxecto de xestión conforme nesa semana, e que será obxecto de proba-

ción mediante resolución da Presidencia. Paralelamente, remitirase á entidade financeira colaboradora unha lista ordenada de solicitudes concedidas para que procedan a emitir e remitir as tarxetas electrónicas.

A resolución non será obxecto de notificación individual, que será substituída pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En todo caso, e con fin de protexer a intimidade das persoas solicitantes, a publicación identificará as solicitudes exclusivamente polo número de rexistro de entrada na Deputación das ditas solicitudes.

A denegación das solicitudes efectuarase por resolución da Presidencia, que será notificada mediante publicación na sede electrónica da Deputación, nos mesmos termos que a lista de solicitudes concedidas.

A concesión e denegación de solicitudes en cada período semanal poderá agruparse nunha única resolución.

Sétima.- Tarxeta electrónica da Deputación.

A Deputación remitirá á entidade financeira Abanca o nome, apelido e número de teléfono móbil das persoas que resulten beneficiarias da subvención, para a emisión da tarxeta electrónica ComerciOu. Esta tarxeta será remitida ao domicilio indicado polo interesado.

O funcionamento da tarxeta é o que segue:

A persoa beneficiaria deberá activar a súa tarxeta seguindo as instrucións que se acompañarán xunto coa remisión da tarxeta ao seu domicilio, e só poderá usala para realizar compras ou pagos no comercio local da provincia de Ourense. Non poderá utilizarse para a realización de compras on line, nin para a obtención de efectivo en caixeiros automáticos nin nas oficinas da entidade financeira.

Mensualmente, e ata finalizar o tempo máximo polo que foi concedida, a tarxeta recibirá unha transferencia de 100 €.

O usuario poderá utilizar discrecionalmente o saldo da tarxeta para compras no comercio local durante todo o período de vixencia da dita tarxeta (ata o 31 de marzo de 2021) manténdose o saldo non utilizado de cada mes vencido dispoñible para a súa utilización en calquera momento posterior dentro do dito período.

O prazo durante o que estará activa a tarxeta para efectuar gasto será ata o 31 de marzo do ano 2021.

Oitava.- Xustificación da subvención.

En atención ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda vez que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia no solicitante da circunstancia acreditada de emerxencia económica, non se requirirá outra xustificación que a comprobación do cumprimento dos requisitos para a obtención da subvención, realizada polos servizos sociais do concello onde consta empadroada a persoa solicitante e que constará no informe social emitido.

Por solicitude da intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, de xeito motivado, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

Aquelas contías económicas non utilizadas, unha vez finalizado o prazo máximo previsto nesta bases, serán automaticamente reintegradas á Deputación de Ourense, sen que se poida



derivar ningún dereito para aquela persoa beneficiaria que non fixese uso da totalidade do crédito inicialmente concedido.

Novena.- Compatibilidade

A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda concedida polo Estado, pola Comunidade Autónoma de Galicia ou por calquera outra Administración pública.

Décimo.- Normativa supletoria.

En todo o non disposto nestas bases, seralle de aplicación á convocatoria e ás subvencións que se conceden ao seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa de aplicación á Administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

Décimo primeira.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes baséase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nesas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa O Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa O Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988 317 620 e correo electrónico: dpo@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria/o, para a valoración da súa solicitude e para a emisión das correspondentes tarxetas ComerciOu. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.natalidade.depourense.es. As

publicacións referidas manterase durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben por solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que conste no expediente, atoparanse a disposición doutras persoas interesadas no procedemento para os sos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedinte (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva, salvo os referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil, que lle serán comunicados, no momento da concesión da subvención, á entidade financeira colaboradora Abanca para que poida emitir a tarxeta electrónica coa contía da subvención, podendo tratar estes datos para emitir, estampar e gravar a tarxeta e cantos procesos e operacións poidan ser precisos para a activación e xestión.

Para estes efectos, a entidade Abanca terá a consideración de encargado do tratamento, coas obrigas derivadas da lexislación vixente en materia de protección de datos.

Sen prexuízo do anterior, os datos subministrados polo solicitante poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou aos seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adjudicación.

- A membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adjudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras o expediente contradictorio previo con audiencia do/a interesada/o titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) As persoas interesadas poderán solicitarlle en todo momento á Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto

nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falta de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos/as beneficiarios, dará lugar á súa exclusión do procedemento.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Ourense, 23 de abril de 2020. O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.

Diputación Provincial de Ourense

Anuncio

En la Junta de Gobierno de la Diputación Provincial de Ourense, en la sesión ordinaria de 23 de abril de 2020, se adoptó el siguiente acuerdo:

Aprobar las bases reguladoras del Programa BenOurense ComerciOu, de subvenciones de emergencia social por el COVID-19, con el siguiente contenido:

Primera.- Objeto del Programa BenOurense ComerciOu de subvenciones de emergencia social por el COVID-19

Constituye el objeto de estas bases la regulación de la concesión, por la Diputación Provincial de Ourense, de subvenciones a personas físicas que estén en situación de vulnerabilidad social o económica sobrevenida o acentuada a consecuencia de la pandemia del COVID-19 y precisen atender sus necesidades más básicas e inmediatas.

El procedimiento de concesión de las subvenciones es el de concurrencia no competitiva, previsto en el artículo 19.2 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia, y en el artículo 8 de la Ordenanza General de Subvenciones de la Diputación Provincial de Ourense (BOP nº 260, de 12 de noviembre de 2015).

La concesión de las subvenciones a las que se refiere esta convocatoria se realizará de forma continua, hasta agotar el presupuesto previsto, según la orden de recepción de las solicitudes y bajo los principios de publicidad, transparencia, objetividad, igualdad y no discriminación.

Segunda.- Beneficiarios del programa

1. Podrán ser beneficiarias de estas ayudas las personas físicas que cumplan los siguientes requisitos:

A) Haber cumplido 18 años de edad en el momento de presentar su solicitud.

B) Tener dificultad para atender económicamente sus necesidades básicas. Se entenderá que se encuentran en esta situación aquellas personas que durante el mes anterior al de la

solicitud no tuvieron ingresos suficientes para atender las necesidades para las que ahora precisan esta ayuda, o aquellas personas que están en esta situación a consecuencia del estado de alarma declarado por el Gobierno de la Nación ante la crisis sanitaria por la pandemia del COVID-19.

La concurrencia de esta situación económica de emergencia será apreciada por los servicios sociales municipales dependientes del ayuntamiento o mancomunidad competente en el municipio de residencia del solicitante. En los casos en los que, de manera motivada se estime necesario, la Administración provincial podrá pedir los informes aclaratorios y complementarios donde se acredite esta cualificación.

C) Que ninguna persona integrante de la unidad de convivencia de la que forma parte la persona solicitante haya tramitado otra ayuda al amparo de esta convocatoria.

D) Figurar empadronada en algún municipio de menos de 20.000 habitantes de la provincia de Ourense en la fecha de la solicitud de la subvención, con una antigüedad en el empadronamiento en la provincia de Ourense de, por lo menos, los 6 meses inmediatamente anteriores a la fecha de presentación de la solicitud. No obstante, no se exigirá el requisito de empadronamiento a las personas víctimas de violencia de género. 2. A los efectos de la acreditación de los requisitos recogidos en los apartados B) y C) anteriores, los servicios sociales municipales, dependientes del ayuntamiento o mancomunidad correspondiente al municipio del solicitante, deberán emitir un informe de emergencia social en el que quede justificada la concurrencia de las siguientes circunstancias:

a) Que ninguna persona integrante de la unidad de convivencia de la que forma parte la persona solicitante haya tramitado otra ayuda al amparo de esta convocatoria.

b) Que la persona solicitante está en alguna de las situaciones de emergencia siguientes:

b.1) Pertenece a algún colectivo de vulnerabilidad estructural.

b.2) Pertenece a un colectivo de vulnerabilidad coyuntural por causa del COVID -19.

b.3) Pertenece a un colectivo de vulnerabilidad coyuntural por otras causas (situación de pérdida transitoria de empleo, situaciones de fuerza mayor.)

Tercera. Disponibilidad presupuestaria.

Para la financiación de las subvenciones objeto de esta convocatoria existe crédito adecuado y suficiente en la aplicación presupuestaria 23111 48002 hasta un máximo de 450.000,00€ (cuatrocientos cincuenta mil euros).

Cuarta.- Cuantía de la subvención

La subvención a la que podrán acceder las personas solicitantes será de 100 euros mensuales durante un tiempo máximo de 3 meses, con un total de 300 euros.

Quinta.- Solicitudes: plazos, lugar de presentación y documentación.

1. Las solicitudes se deberán presentar a través de los servicios sociales de los ayuntamientos o mancomunidades correspondientes al municipio de empadronamiento de la persona solicitante. A estos efectos, las personas interesadas deberán comparecer en las oficinas de los servicios sociales municipales o mancomunados de su municipio de residencia, donde formularán su solicitud, autorizando a los empleados públicos municipales para su presentación y tramitación telemática ante la Diputación Provincial.

Sin perjuicio de lo anterior, los servicios sociales municipales o mancomunados podrán, si lo consideran oportuno, habilitar canales de comunicación con los interesados (mediante teléfono



no, correo electrónico o visita a sus domicilios o cualquier otro que se estime viable) alternativas a su desplazamiento a las oficinas municipales para que los interesados puedan comunicar su voluntad de solicitar la subvención y facultar a los empleados públicos de los servicios sociales para la tramitación en su nombre. En todo caso, los servicios municipales se asegurarán, por los medios que estimen suficientes, de la identidad del solicitante, de su situación y de su voluntad de solicitar la subvención.

La presentación se realizará por los empleados de los servicios sociales municipales o mancomunados de forma telemática ante el registro electrónico general de la Diputación de Ourense. El empleo de medios electrónicos para la presentación de la solicitud tendrá carácter obligatorio, al amparo de lo establecido en el artículo 14 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas al estar plenamente garantizado el acceso y disponibilidad de los medios tecnológicos precisos por parte de los empleados municipales, por lo que no se admitirá a trámite ninguna solicitud que se presente por otros medios, siendo obligatoria la formulación de solicitudes por vía telemática de conformidad con lo previsto en esta base.

2. El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación de estas bases junto con su extracto en el Boletín Oficial de la Provincia y hasta el 30 de noviembre de 2020.

3. Para la presentación de la solicitud tendrá que utilizarse el formulario normalizado que se pondrá a disposición de los servicios sociales municipales por parte de la Diputación de Ourense, en el que se incluirá una declaración responsable de no incurrir en las prohibiciones previstas en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, para obtener la condición de beneficiario/la, sustituyendo esta declaración a la presentación de certificaciones en la acreditación del cumplimiento de los deberes tributarios y con la Seguridad Social por tratarse de uno de los supuestos previstos en la letra e) del artículo 31.7 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia.

A esta solicitud se le unirá el informe social emitido por los servicios sociales municipales en lo que se refiere la base 2ª, apartado 2.

Una vez presentada la solicitud, los servicios sociales municipales remitirán por cualquiera medio copia a los solicitantes de dicha solicitud.

4. Conforme a lo dispuesto en el artículo 28 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, la Diputación comprobará de oficio, a través de las plataformas de intermediación de datos de las administraciones públicas, los datos de identidad y residencia de los solicitantes, excepto que estos se opongan expresamente en sus solicitudes. En este último caso, los solicitantes deberán aportar la siguiente documentación adicional:

a) Copia de su DNI o documento identificativo.

b) Copia (s) del (de los) certificado (s) de empadronamiento del/la solicitante donde quede constancia de su empadronamiento en algún municipio de la provincia de Ourense en los últimos seis meses inmediatamente anteriores a fecha de presentación de la solicitud, solo en el caso de no autorizar a la Diputación a realizar la consulta. En todo caso, si por razones técnicas y/o informáticas no pudiese ser posible la comprobación de oficio de alguno de los requisitos de la persona solici-

tante, la Diputación podrá solicitarle que aporte la documentación probatoria, que será digitalizada para ser incorporada al expediente electrónico de la solicitud.

